

## DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### **LIMIAR:**

O noso proxecto pretende deseñar unha serie de actividades que contribúan a fomentar o “coñecemento” e a “protección” da nosa lingua e cultura, co convencemento de que unha correcta valoración é o mellor aval para a súa defensa.

A revalorización dos valores culturais propios, o fortalecemento das identidades locais, comarcais, redunda positivamente na nosa conciencia de cidadáns galegos e galegas. A comparación da nosa identidade coas demais culturas, contribúe sen dúbida a coñecernos, comprendernos e a respectarnos.

Tomando como base o anteriormente exposto deseñamos este proxecto, onde a idea principal é poñer en contacto ás familias e ao alumnado co seu patrimonio cultural dun xeito lúdico e ameno, con actividades baseadas nunha concepción ampla da educación, onde o fundamental é a compenetración co noso contorno.

A colaboración constante entre os respectivos equipos constituídos no noso centro para levar a cabo as diferentes actividades que se programan para o longo do curso contribúen a xenerar un ambiente de animación ao uso da lingua galega que doutro xeito non se vería tan reforzado.

### **Contextualización:**

O concello de Ponteareas atópase na comarca de O Condado. É un dos concellos de maior densidade de poboación da provincia de Pontevedra.

A súa poboación adícase maioritariamente a actividades relacionadas coa construción e co sector servizos. Conta ademais cunha gran cantidade de poboación que traballa en Vigo, cidade situada a 23 kilómetros aproximadamente.

### **A análise sociolingüística:**

#### **1. Contorno sociolingüístico do centro.**

O rexistro lingüístico da súa poboación é maioritariamente castelán-falante, aínda que se conviva nun entorno rural no que predomina o uso do galego. O mesmo sucede no noso centro de ensino; predomina o uso do castelán dun xeito espontáneo, pero temos un sector de alumnado, aínda que mínimo, galego falante.

A situación do idioma galego no entorno segue a ser claramente diglósica. Se ben é certo que o noso alumnado está en contacto cotiá coa lingua galega de diferentes xeitos, as familias educan aos nenos e nenas maioritariamente en castelán independentemente de que os ascendentes sexan galego-falantes.

Creemos que son necesarias actuacións que contribúan a fortalecer o coñecemento da Lingua galega para acadar unha adecuada competencia lingüística e sobre todo incidir na valoración da mesma, como parte da nosa cultura.

## **2. Situación lingüística do centro.**

O C.E.I.P. Fermín Bouza Brey está situado no casco urbano da vila de Pontearreas da que procede todo o alumnado de Infantil e parte do de Primaria, que se completa con nenos e nenas dalgunhas parroquias: Areas, Xinzo, Arnosó, Moreira, Angoares e unha pequena parte de Cristiñade (o barrio da Porteliña).

Neste centro a presenza do galego é plena na documentación administrativa, no rotulado do centro e en todas as notas informativas e comunicacións orais e escritas coas familias e institucións.

- O persoal non docente que forma parte da Comunidade Escolar é usuario da lingua galega en todos os contextos e situacións.
- A ANPA, non soe utilizar a lingua galega nos encontros co equipo directivo pero pouco a pouco vanse sumando a utilizar o galego nas comunicacións escritas dirixidas ás familias. Ademáis crearon un blog onde utilizan maioritariamente a lingua galega.
- O Concello como institución pública ten un representante nomeado na nosa Comunidade Educativa para o Consello Escolar.

## **3. Situación lingüística do profesorado.**

A lingua habitual que o profesorado emprega nos ámbitos docentes axústase ao Proxecto Lingüístico do centro que se adaptou ao Decreto de

Plurilingüismo tratando de equilibrar a docencia das diferentes áreas nas dúas linguas oficiais.

Moitos/as utilizan o castelán na súa vida cotiá aínda que empregan o galego nas súas relacións interpersonais con galego-falantes. A totalidade do profesorado ten a competencia necesaria para desenvolverse con fluidez na docencia en galego tratando de contribuír a que o alumnado consolide a súa competencia e uso do galego como lingua normalizada de comunicación.

O feito de que o profesorado maioritariamente sexan propietarios definitivos fai asegurar a continuidade en varios anos de actividades dinamizadoras en lingua galega, que pouco a pouco se van consolidando.

#### **4. Situación lingüística do alumnado.**

O CEIP Fermín Bouza Brey de Pontearreas conta cunha gran poboación escolar distribuída nas etapas educativas de Ed. Primaria (457 alumnos/as) e Ed. Infantil (105 alumnos/as). Neste curso 2.014-20154 contamos cun total de 532 alumnas/os distribuídos nas diferentes aulas.

Cada ano vaise incrementando o número de alumnado inmigrante. A meirande parte coñecen e se expresan máis en castelán que en galego. Podemos afirmar que a maior parte do noso alumnado ten o castelán como lingua materna e, os que teñen o galego como lingua nai, proceden maioritariamente do rural.

En liñas xerais obsérvase que a lingua empregada espontaneamente polo alumnado é maioritariamente castelán, que usan en todos os ámbitos da súa vida: familiar, social e escolar. Isto fai que sigamos considerando que a porcentaxe de alumnado do noso centro, que utiliza o galego como lingua vehicular está moi por debaixo do 25% .

A baixa tendencia observada no alumnado de usar o galego na súa expresión oral e escrita de xeito espontáneo, fainos reflexionar na necesidade de dinamizar o uso desta lingua, dun xeito progresivo a todos os niveis para acadar a competencia comunicativa desexada ao final das respectivas etapas.

Segundo o artigo 5 de decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino universitario o artigo 7 recolle que na Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o

alumnado. Na Educación Infantil utilízase por tanto a lingua materna, que para a maioría dos nenos e nenas nesta etapa é o castelán, coidando que o alumnado se vaia achegando ao galego progresivamente e sen prexuízo do alumnado que teña como lingua materna o galego . Utilizan a lingua galega na introdución das rutinas diarias, na hora do conto e en xeral en actividades complementarias .

Na educación Primaria a área de matemáticas dase en castelán en todos os ciclos, coñecemento do medio en lingua galega e as demais áreas tratan de axustarse e intentar lograr o máximo equilibrio entre o galego e o castelán.

A lingua estranxeira que se imparte no centro é o Inglés. Na educación infantil dase unha hora semanal a todos os cursos.

Dende o E.D.LG.. en particular, e desde o centro en xeral, consideramos que acadar a competencia lingüística dos nosos rapaces e rapazas en galego por igual ao castelán, e valorizar o galego como lingua viva de comunicación, moderna , actual sen esquecer o seu valor ligado ao patrimonio cultural material e inmaterial deben ser os eixes que guíen o noso proxecto anual.

Obxectivos: conscientes de que o avance no uso espontáneo do galego é pequeno por pertencer o noso centro a un entorno castelán- falante e darse unha situación diglósica bastante marcada no entorno familiar do noso alumnado, que dificulta o uso do galego sen complexos, continuamos coa liña de anos anteriores intentando dinamizar o centro con actividades, visuais, lúdicas onde se combinen o uso oral e escrito e procurar que o uso das TIC en lingua galega sexa cada vez maior.

A descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro sectores mencionados no estudo sociolingüístico de centro son:

### **Obxectivos para o Contorno sociolingüístico do centro:**

- Identificar e valorar a lingua galega como parte do noso patrimonio cultural: dar a coñecer e revitalizar festas e romarías tradicionais do noso entorno.
- Implicar a toda a comunidade escolar, en especial á familia, para a recuperación, conservación e transmisión do patrimonio cultural inmaterial, e material:a pescuda de información para salvagardar diferentes aspectos da cultura tradicional: cantigas, refráns e ditos, adiviñas, costumes, toponimia, xogos tradicionais...

- Divulgar diferentes aspectos do noso patrimonio cultural e colaborar con asociación culturais e ecoloxistas do entorno:

Colaborar con ADENCO, organización ecoloxista da zona, Comunidades de Montes de Pontearreas en actividades que favorezan a transmisión da necesidade de protección e coidado do noso entorno.

Colaborar co Centro de Recuperación da Cultura Popular de Pontearreas adicada á recuperación e difusión do noso patrimonio inmaterial.

- Apoiar actividades que xurdan ao longo do curso e que fomenten intercambios de experiencias entre escolas do Concello, ou aquelas que fomenten o uso da lingua galega a proposta do Concello de Pontearreas ou concellos veciños.

### **Obxectivos para a situación lingüística do centro:**

- Continuar realizando as diferentes comunicacións do centro en lingua galega.
- Dar a coñecer a toda a comunidade escolar calquera actualización da normativa vixente en lingua galega.
- Potenciar a creación dun fondo bibliográfico de temas sociolingüísticos e de actualidade e poñelo a disposición de toda a comunidade educativa.
- Recuperar, mellorar e ampliar o vocabulario, utilizando recursos plásticos e visuais que potencien o uso da lingua galega, e para elo organizar exposicións no centro sobre distintos temas.
- Establecer cooperación con outros centros ou entidades do entorno máis próximo.
- Animar a ANPA a utilizar a lingua galega nas súas comunicacións escritas dirixidas ás demais familias, e a colaborar en actividades propostas polo EDLG.
- Ir actualizando a información de normativa e recursos didácticos en Lingua galega e animar ás familias a que os coñezan a través da consulta do Blog de Normalización.

- Solicitar axudas económicas e material para a consecución dos obxectivos do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

### **Obxectivos para a situación do profesorado:**

- Animar ao profesorado a realizar actividades conxuntas a prol da lingua galega propostas desde os diferentes equipos do centro, que se programen para o curso.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos en galego de información, lectura, aprendizaxe e divertimento.
- Revisar o fondo bibliográfico en galego das bibliotecas de aula e do centro, valorando as necesidades que haxa e tentando cubrilas desde o E.D.L.G. ou desde o presuposto da Biblioteca.
- Dar a coñecer recursos “on line” en lingua galega a toda a comunidade escolar así como a normativa actual.
- Potenciar o uso do noso blog por parte de todos os membros da comunidade educativa ,introducindo enlaces con recursos en galego, e dando a coñecer que a lingua galega está vinculada a nosa tradición e ademais ás novas tecnoloxías .
- Animar ao profesorado que inicie ao alumnado nas TIC , que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe en lingua galega , e que capaciten o alumnado para o seu uso correcto, permitindo valorar ao galego como lingua moderna e actual.

### **Obxectivos para a situación do alumnado:**

- Achegar ao noso alumnado a realidade cultural galega do seu entorno.
- Priorizar a afectividade e a utilidade da nosa lingua dándolle un protagonismo central á oralidade: dar a coñecer personaxes importantes de actualidade que utilizan a nosa lingua no seu labor: escritores, ilustradores, cantantes, deportistas, etc.
- Impulsar a participación, en actividades de recitado de poesía , lectura de contos, obras de teatro...para adquirir autoestima e aprecio no uso da lingua galega.

- Fomentar que vexan cine, teatro, pintura, música... en galego, asistindo a representacións propostas desde diferentes ámbitos e continuar coa organización da Semana de Cine e Mostra de Teatro no centro.

- Ensinarlles a empregar as TIC na utilización de recursos didácticos en galego, adaptados aos diferentes ciclos de Infantil e Primaria.

No 3º ciclo fomentar a busca de información en Internet para elaboración de traballos de investigación propostos desde diferentes áreas e ensinarlles diferentes formas de presentacións: Word, Power Point... utilizando a lingua galega.

- Dar a coñecer e valorar aspectos doutras culturas e comparalas coa nosa. Salientar en especial aquelas que pertencen a cultura do noso alumnado inmigrante.

Tamén é importante comentar o seguinte:

- Fomentarse a participación, en saídas de carácter didáctico, propostas por diferentes entidades que contribúan a valorizar a lingua e cultura galega.

- Pretendemos distribuir, entre o profesorado e a anpa, a normativa e recursos on-line que existen en lingua galega, na actualidade, sobre todo a través do noso blog [normalizacionbouzabrey.blogaliza.org](http://normalizacionbouzabrey.blogaliza.org) e daremos conta nel das actividades que se vaian realizando, en traballo cooperativo cos diferentes equipos, para que toda a comunidade educativa poida estar *puntualmente* informada.

A continuación adxuntamos un cadro coa temporalización aproximada de actividades dinamizadoras coas que pretendemos acadar os obxectivos relatados anteriormente ao longo do curso. Coordinadas polo EDLG, moitas delas lévanse a cabo en colaboración cos diferentes equipos do centro: equipo de biblioteca, de actividades complementarias e tic, para xuntos reforzar e tentar aumentar o uso escrito e oral en lingua galega.

<b>1º TRIMESTRE</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>
<u>Outubro</u>	<u>Xaneiro</u>	<u>Abril</u>
<b>BLOG DE NORMALIZACIÓN</b>	<b>DÍA ESCOLAR DA PAZ</b> (colaboración con diferentes equipos do	<b>XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO</b> Elaboración de carteis

<p>Actualización, por parte do equipo, do Blog no que se irán expoñendo todas as actividades realizadas polo equipo. Ademais cada curso poderá incluír as actividades que realicen nas aulas.</p> <p><b>EXPOSICIÓN “EU LEO”</b></p> <p>Xunto co equipo de biblioteca faremos unha exposición dos libros que len os nenos e nenas do noso colexio. Todos estes libros serán en lingua galega.</p> <p><b>“VOLVEU O OUTONO”</b></p> <p>Exposición de obras creadas polo alumnado utilizando material do outono. Ademais expóranse outros materiais típicos desta estación.</p> <p><b>XORNAL GRÁFICO</b></p> <p>Pintaremos por ciclos o muro do patio, plasmando nel as diferentes actividades que se vaian realizando.</p>	<p>centro)</p> <p>Concurso de carteis para a paz.</p> <p>Celebración conxunta no patio cunha canción en lingua galega.</p> <p><u>Febreiro</u></p> <p><b>O ENTROIDO</b> (colaboración co equipo de actividades)</p> <p>Elaboración das coplas polo alumnado de 6º para o xuízo ao meco.</p> <p>Preparación nas aulas do disfraz de cada comparsa</p> <p>Mostra e degustación de postres típicos de entroido (coa colaboración das familias)</p> <p>Desfile colectivo das comparsas de entroido polo patio do colexio.</p> <p><u>Marzo</u></p> <p><b>DICIONARIO DE LINGUA GALEGA</b></p> <p>Cada curso elaborará unha letra do abecedario con distintas palabras en lingua galega, para entre todos, facer un dicionario.</p>	<p>sobre o escritor ao que se adican as letras galegas 2014.</p> <p>Preparación de artigos para a revista e para a radio escolar.</p> <p><u>Maio</u></p> <p><b>XORNADA DE XOGOS POPULARES</b> ( Colaboración co equipo de Educación Física)</p> <p>Farase unha macroxornada de xogos populares cos diferentes colexios da zona condado-paradanta.</p> <p><b>PUBLICACIÓN DA REVISTA ESCOLAR CARREIRO.</b></p> <p><b>MES DO CINE EN LINGUA GALEGA.</b></p> <p>Proxección de películas ou curtametraxes en lingua galega para todos os cursos.</p> <p><b>“AQUEL CURSO DO 2014....”</b></p> <p>Elaboración dun libro no que cada neno e</p>
---	---	---



<p><b>O MAGOSTO</b> ( colaboración co equipo de actividades) Unidade didáctica previa na aula. Celebración do magosto no patio do colexio.</p> <p><u>Novembro</u></p>	<p><b>DÍPTICOS</b></p> <p>Reparto dos dípticos con coñecementos curiosos da nosa lingua e da nosa cultura.</p>	<p>nena escribe unha frase do que lle gustou dese curso.</p> <p><u>Xuño</u></p> <p><b>8ª MOSTRA DE TEATRO EN GALEGO.</b></p>
<p><b>O SAMAÍN</b> Representación histórica do Samaín. Arraigo da cultura e tradición galega. Contos de medo en colaboración co departamento de biblioteca e inglés. Concurso de contos.</p>	<p><b>CONTACONTOS</b></p> <p>Contaremos coa presenza de familiares voluntarios para contar un conto a todo o alumnado do centro</p>	<p>Organización das representacións das obras dos diferentes cursos.</p>
<p><b>RADIO ESCOLAR</b> Utilización da radio escolar, con motivo da celebración de santa Cecilia, levada polo equipo de dinamización da lingua galega e por alumnos e alumnas de 5º e 6º cursos.</p>	<p><b>EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS DO CAMPO</b></p> <p>Faremos unha exposición dos diferentes oficios e traballos do campo que se realizan pola zona.</p>	
<p><u>Decembro</u></p> <p><b>NADAL</b></p> <p>Realización de murais utilizando as palabras propias da época en lingua galega.</p>		

Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística seleccionadas para acadar os obxectivos de cada un dos catro sectores mencionados no estudo sociolingüístico de centro.

Moitas das actividades que expoñemos están xa consolidadas no centro, pero outras son de nova implantación polo que esperamos contar coa colaboración do profesorado, alumnado e das familias.

Algunhas destas actividades poderían tamén sufrir modificacións de temporalización ou de calquera outra índole.

De seguido explicamos as actividades programadas no Plan de Traballo para este curso e a súa temporalización.

## 1º TRIMESTRE

### **BLOG DE NORMALIZACIÓN**

Temporalización: Todo o curso.

Actualizaremos ao principio de curso o noso blog, no que poidamos expoñer todas as nosas actividades, traballos, xuntanzas... Este ano tamén poderán participar todos os cursos que queiran amosar os seus traballos. A este blog terán aceso as familias e todos os mestres e mestras, posto que será un blog aberto.

### **EXPOSICIÓN “EU LEO”**

Xunto co equipo de Biblioteca organizaremos polos corredores do colexio unha exposición sobre os libros favoritos dos nosos alumnos. Eles debuxarán as carátulas deses libros, sempre en galego, e as colocaremos nas distintas estanterías preparadas para iso.

### **VOLVEU O OUTONO**

Temporalización: Outubro, novembro e decembro.

Alumnado voluntario dos diferentes cursos aporta algunha obra creativa feita na casa, coa colaboración dos seus pais, avós ou outros familiares. O único requisito que se pide é ter moita imaxinación, e que os materiais utilizados sexan propios do outono: follas das árbores, castañas, noces,

vides.... Con isto tratamos de familiarizar aos alumnos co nome en galego de todos estes obxectos que nos rodean e que son tan comúns na vida cotiá. Cada figuriña terá o nome dos materiais usados ao seu carón. Ademais tamén faremos unha exposición de froitos do outono.

## **XORNAL GRÁFICO**

Pintaremos o muro do patio coas distintas actividades que realicemos durante o curso; magosto, nadal, entroido.....cada ciclo encargárase dunha destas actividades. Cómpre pintar o muro de branco antes de comezar coas distintas partes.

## **O MAGOSTO**

Temporalización: última semana de outubro

Ademais da colaboración co Equipo de actividades na organización do MAGOSTO no patio, desde o E.D.L.G. poñemos especial interese na tradición cultural arredor desta festa.

Durante a semana previa á celebración do magosto animamos a traballar nas aulas:

- Vocabulario
- Recollida de cultura popular.
- Obradoiro de libros: receitas, historias, debuxos...

A celebración no patio consiste en que cada nivel, nunha zona determinada, monta a súa propia fogueira co bullo traído polo alumnado. Bótanlle as castañas que trouxeron e mentres se asan aproveitamos a cantar cantigas aprendidas xa na aula.

O E.D.L.G. encárgase de levar a cabo unha recopilación de música galega para ambientar a festa a través da megafonía.

## **O SAMAÍN**

Temporalización: 1ª semana de novembro

Aproveitando a época da celebración do Samaín, e en colaboración co equipo da Biblioteca e o departamento de Inglés se levan a cabo relacións da nosa tradición coa festa de Halloween. Decóranse cabazas en Primaria e en Infantil; onde tamén expresan os seus medos a través de debuxos.

Cóntanse historias de medo; para elo, convócanse a través do Blog da Biblioteca e a través dos titores para fomentar a expresión escrita e oral en lingua galega. A finais de outubro propónse nas aulas que escriban relatos de medo voluntariamente ou ben que recollan nas súas familias, algunhas lendas ou tradicións desta época.

Logo estes nenos e nenas que presentaron os traballos escritos encárganse de representar ante outros alumnos e alumnas eses contos de medo. Os textos pasan a formar parte da Biblioteca do centro.

## **RADIO ESCOLAR**

Temporalización: Todo o curso

Pretendemos poñer en funcionamento a radio escolar, que se creou o curso pasado, nos recreos e que estea dirixida por un grupo de alumnos e alumnas voluntarios de 5º e 6º cursos, e supervisados por un mestre do equipo de normalización. Para conseguilo hai que ampliar o número de altosfalantes no patio do colexio e, desde a casiña que antes era de infantil, farase a emisión.

O mes de novembro celébrase o día de Santa Cecilia, patrona dos músicos, e desde a radio imos facer unha selección de música para poñer durante todo este mes.

## **NADAL**

Temporalización: 1ª quincena de decembro

Pretendemos a creación de murais ou distintos traballos fomentando a tradición galega e dando a coñecer a figura do apalpador.

No festival de Nadal procuraremos fomentar o uso do galego como lingua maioritaria para dito evento.

Tamén nos encargaremos da música en galego que ambienta os intermedios entre as diferentes actuacións.

## **2º TRIMESTRE**

### **DÍA ESCOLAR DA PAZ**

Temporalización: 30 de Xaneiro e semana anterior

Nos días previos ao día da paz animamos a traballar nas diferentes aulas en lingua galega elaborando mensaxes, poemas, murais que falen da paz, solidariedade, colaboración... Cada clase elaborará un cartel promulgando todos os valores que consideren destacables e logo farase unha exposición con todos eles.

Durante esa semana propónse a través do equipo de Biblioteca que alumnado voluntario elabore poemas sobre a Paz e os lea diante dos outros alumnos e alumnas, durante os recreos. Elexirán algúns para ser lidos no patio o día da celebración conxunta.

Organizado polo equipo de actividades, colaboraremos na celebración no patio do colexio, lendo o MANIFESTO que explica o porqué desa data e se adxuntan reflexións elaboradas días antes, frases, poemas...de todo o alumnado do centro.

Cantarase unha canción en lingua galega cun valor solidario importante entre todo o colexio.

## **ENTROIDO**

Temporalización: febreiro

Durante a semana previa á festa, ambiéntase o colexio e profesorado e alumnado voluntario tenta seguir as ordes ditadas polo Meco ( escrito que indica un complemento que hai que poñerse cada día, sumando ao do día anterior, para non enfadalo).

Nesa semana un grupo de alumnos e alumnas do 3º ciclo paséanse polo patio sembrando as ordes do meco que terán que cumprir ao día seguinte. Uns días antes empezaremos a elaborar disfraces nos diferentes grupos clase para realizar un desfile de comparsas de todo o colexio.

Ao rematar o desfile se recitan coplas e se lle fai o xuízo ao Meco con coplas compostas polos alumnos e alumnas de 6º curso e que conservan o espírito crítico da tradición.

Para coñecer tamén a gastronomía típica do Entroido, e con gran apoio por parte das familias, celebramos desde hai varios anos unha degustación de postres de Entroido, actividade que resulta moi atractiva para o alumnado e que permite manter e coñecer postres tradicionais. Ademais, se suman

aqueles postres do alumnado inmigrante no noso centro dando a oportunidade de coñecer e intercambiar aspectos culturais.

Nesta festa contaremos tamén coa ambientación musical de música galega seleccionada polo EDLG.

## **DICIONARIO DA LINGUA GALEGA**

Cada clase recibe un folio tamaño DIN A-3 dunha cor diferente e a letra que ten que traballar. Entre toda a clase buscarán palabras para poñer o seu significado na folla que lles tocou.

Logo xuntaranse todas as follas e encuadernaranse formando o noso dicionario que quedará presente na biblioteca do colexio.

## **DÍPTICOS**

Xuntos imos facer uns dípticos, coa colaboración do terceiro ciclo, onde se darán a coñecer curiosidades da nosa lingua e da nosa cultura. Estes dípticos poderán levarlos para casa e ademáis publicarémolos no blog do equipo.

## **CONTACONTOS**

Temporalización: Un día por determinar do mes de marzo.

Visitarannos algúns familiares dos nosos nenos para amenizar ao alumnado con historias que nos farán soñar. Estará dividida a representación por ciclos.

Ademáis de escoitar e aprender, os nenos e nenas visualizarán como o galego pode ser lingua para expresar todo, sentimentos, soños, contos, aventuras, inquedanzas...

## **EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS DO CAMPO**

Faremos unha exposición onde os alumnos e alumnas poderán ver e coñecer os distintos aparellos que se utilizan para os traballos do campo, que se levan a cabo nas aldeas da comarca. Tamén visualizarán distintos oficios que todos coñecen pero que non saben como funcionan, como é o caso dos telleiros, zapateiros....

## **3º TRIMESTRE**

## **XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO**

Temporalización: abril

Durante o mes de abril elaboraremos diferentes artigos para o noso blog e traballaremos sobre a vida e obra do autor homenaxeado nas Letras Galegas.

O terceiro ciclo soe facer en viñetas un resumo da vida e obra coa que se elabora un libriño despois de expoñer o traballo para os demais ciclos. Traballaremos tamén a unidade didáctica que envía a Xunta para homenaxear a este poeta.

Loxicamente constitúe un apartado moi especial.

## **XORNADA DE XOGOS POPULARES**

Temporalización: un día por determinar do mes de maio.

Xunto co equipo de Educación Física, pretendemos organizar unha xornada de xogos populares.

Uns días antes traballaranse nas clases de Educación Física os distintos xogos populares así como a súa historia e tradición.

## **REVISTA ESCOLAR “CARREIRO”**

A revista repártese a todo o alumnado na Semana das Letras Galegas. Dependerá da subvención obtida a publicación dun novo número da revista escolar CARREIRO coa participación de todos os niveis de Educación Infantil e Primaria. Entre outras cousas, incluirá:

- Información sobre o autor homenaxeado nas Letras Galegas
- Reportaxe fotográfico de todas as actividades realizadas durante o curso.
- Fotografía dos alumnos que rematan os seus estudos primarios.
- Aportacións de diferentes cursos.
- ...

## **MES DO CINE EN LINGUA GALEGA**

O EDLG establecerá un calendario para poder asistir ás proxeccións das películas ou curtametraxes en lingua galega.

Esta actividade intenta que o alumnado poida disfrutar de creacións culturais en galego.

Faranse comentarios nas aulas sobre os films mencionados e de acordo co nivel.

### **AQUEL CURSO DO 2014**

Temporalización: mes de maio.

Imos elaborar un libro-pergamino no que cada alumno, por clases, vai escribir unha frase; algo polo que vai recordar este curso; cada clase ocupará unha páxina, e pola parte de atrás irá unha foto de toda a clase, xunto co seu mestre ou mestra.

Ao rematar, encuadernaremos o libro con tapas de madeira e quedará no centro a modo de anuario.

### **OITAVA MOSTRA DE TEATRO EN GALEGO**

Temporalización: 1ª semana de xuño

Esta actividade ten moito éxito entre o alumnado que cumpre o seu 6º curso, e que consiste en que na primeira semana de xuño establécese un calendario de representacións para que os diferentes cursos poidan ver as obras que se preparan nalgunhas das aulas.

A invitación para poder asistir faise extensiva só aos pais e nais do alumnado que participan como actores ou actrices das diferentes obras. A necesidade de organizar as representacións en varios días e en pequenos grupos é debido, por unha banda, para mellorar a atención do público asistente, e, por outra banda porque non dispoñemos de salón de actos e temos que utilizar o ximnasio, que se queda pequeno para acoller a tanta xente. Temos tamén que agradecer ao equipo de Educación Física a súa colaboración prescindindo do ximnasio neses días, o cal altera a marcha da súa asignatura.

### **ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA**

Ao longo do curso lévanse a cabo actividades variadas encamiñadas a espertar no noso alumnado o interese pola lectura, moitas delas organizadas



polo equipo de Biblioteca, en colaboración co EDLG e incluídas no Proxecto Lector de Centro.

Aínda que desde a biblioteca se fomenta a lectura en castelán e galego, as actividades onde ten maior presenza a nosa lingua podemos resumilas en:

- Obradoiro de libros: expóñense libros elaborados hai anos e os que se van elaborando neste. Abarcan temas como as receitas de Outono, Entroido...; libros de actividades tradicionais, como o magosto ou a vendima; libros de contos inventados: de medo, de Nadal...; libro de palabras “apadriñadas”; libros dos autores aos que se lle adicaron as letras galegas...
- Relatos, contacontos e representacións teatrais de axentes externos ao colexio: traeremos a un contacontos. Asistencia a algunha representación teatral organizada no colexio ou nos auditorios de Pontearreas ou Novacaixagalicia.
- Autores ou ilustradores de contos: Organizado polo equipo de Biblioteca tentaremos traer algún autor galego que nos achegue á súa obra.
- Tempo de lectura: todas as semanas algúns cursos desdoblan ao alumnado para adicarlle un tempo de lectura dun libro de autor dirixida por un mestre que axudará a saber comentar a lectura e a interesarse pola figura do escritor/a que se propón. Mentres, a metade do grupo, co seu titor utiliza a sá de ordenadores para fomento das novas tecnoloxías: usando programas, investigando en Internet, lendo o blog...
- Tamén durante 15 minutos, ao subir do recreo, cada neno/a escollera un libro e adicará ese tempo á lectura.
- Uso das TICs: coa intención de que o noso alumnado perciba a utilidade da lingua galega nas novas tecnoloxías e a use sen complexos, propoñémosnos facer esas sesións de skype, das que xa falamos.

## **MATERIAL DIDÁCTICO EN GALEGO**

Este ano queremos seguir ampliando os fondos en material bibliográfico, fonográfico, videográfico...en lingua galega, pois é moi inferior que os recursos en castelán.

Queremos impulsar un fondo bibliográfico de temas de consulta en sociolingüística ou de carácter etnográfico para o profesorado, a ANPA...

Daremos difusión, durante o curso, dos recursos didácticos en Lingua Galega disponibles na Rede para a súa aplicación.

Moitos deles están xa incluídos no Blog da Biblioteca mediante enlaces. A partir deste ano, toda a información referente a difusión da lingua galega poderá atoparse no Blog do EDLG.

**PARÉCENOS INTERESANTE QUE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA VALORE A LINGUA GALEGA COMO UNHA LINGUA ACTUAL E DINÁMICA QUE SE PODE UTILIZAR SEN COMPLEXOS EN TODOS OS ÁMBITOS DAS NOVAS TECNOLOXÍAS ASÍ COMO EN ÁMBITOS CULTURAI: MÚSICA, CINE E TEATRO, FONTES DA EXPRESIÓN ORAL.**  
**ORZAMENTO PARA LEVAR ADIANTE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN.**

### **CURSO 2013-2014**

TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	ORZAMENTO
1º TRIMESTRE	BLOG	EDLG	Toda a comunidade educativa	
	“VOLVEU O OUTONO”	EDLG Colaboración das familias	Toda a comunidade educativa	Material funxible: 40euros
	XORNAL GRÁFICO	EDLG Colaboración dos titores Colaboración do alumnado	Toda a comunidade educativa	Material funxible: 40 euros

2º TRIMESTR E	EXPOSICIÓ N “EU LEO”	EDLG Colaboración dos titores Colaboración do alumnado	Toda a comunidade educativa	Material funxible: 30 euros
	MAGOSTO	Equipo de actividades. EDLG Colaboración do profesorado	Todo o alumnado	
	SAMAÍN	Equipo de Biblioteca EDLG Colaboración do profesorado	Todo o alumnado	
	RADIO ESCOLAR	EDLG Alumnos de 5º e 6º cursos	Toda a comunidade educativa	Material funxible: 30 euros
	O NADAL	EDLG Colaboración do profesorado	Toda a comunidade educativa	Material funxible:50 euros
	DÍA ESCOLAR DA PAZ	Equipo de Biblioteca e Actividades EDLG Colaboración do profesorado	Alumnado e profesorado	Material funxible: 20 euros

	O ENTROIDO	EDLG Colaboración da ANPA Colaboración do profesorado	Toda a comunidade educativa	Material funxible: 40 euros
	DICIONARIO	Toda a comunidade educativa	Todo o alumnado	Material funxible: 30 euros
	DÍPTICOS	EDLG e o terceiro ciclo	Todo o alumnado do terceiro ciclo	Material funxible: 30 euros
	CONTACONTOS	EDLG e familias	Alumnado do segundo ciclo	
	EXPOSICIÓN TRABALLOS DO CAMPO	EDLG	Toda a comunidade educativa	
	XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO	Colaboración dos titores	Alumnado	
	XOGOS POPULARES	Equipo de Educación Física EDLG	Todo o alumnado	
	REVISTA ESCOLAR	EDLG e titores e alumnado	Toda a comunidade educativa	Edición e imprenta: 1500 euros
	MES DO			

3º TRIMESTR E	CINE EN LINGUA GALEGA	EDLG	Todo o alumnado	
	AQUEL CURSO DO 2013	EDLG Titores dos diferentes ciclos	Todo o alumnado	Material funxible: 100 euros
	7ª MOSTRA DE TEATRO	EDLG e os titores do terceiro ciclo	Todo o alumnado	Material funxible: 20 euros

TOTAL ORZAMENTO: 1930 EUROS